



COMUNICACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADE DE PLANTA MÓBIL

OBXECTO

Comunicar o uso dunha planta móbil previamente autorizada nunha instalación ou emprazamento concreto por un tempo determinado.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia.
- Orde do 7 de xullo do 2020 pola que se habilitan electronicamente os procedementos administrativos de prazo aberto do órgano competente en materia de calidade ambiental e cambio climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se habilitan na sede electrónica da Xunta de Galicia.

ÓRGANO QUE TRAMITA

Servizo de Resíduos - Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Formulario de comunicación (**anexo III**).

OUTROS DOCUMENTOS

- Memoria de medidas protectoras e correctoras.
- Certificados de destino dos residuos e/ou información do destino dos produtos.
- Documento ambiental no caso de non estar excluído da necesidade de pasar o trámite de avaliación ambiental de proxectos. Para aqueles supostos nos que non sexa necesario o trámite ambiental, a entidade deberá marcalo no espazo habilitado para tal fin no cadro de declaracións.
- Acreditación da representación da persoa xurídica con copia da escritura notarial da representación debidamente inscrita no rexistro mercantil.

FORMULARIOS

- MT201C

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS COMUNICACIÓNS

Durante todo o ano cunha antelación de 15 días hábiles a data prevista para o desenvolvemento da actividade.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS COMUNICACIÓNS

Tramitación en liña. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).

TAXAS

Este procedemento non está suxeito ao pago dunha taxa administrativa.

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contemplados na regulamentación específica.

Última modificación: abril 2021